

CPI PONTE CARREIRA

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO 2023-2024

1. Introducción


Atendendo ao Artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia elaboramos a addenda para o presente curso do proxecto lingüístico, que será actualizado neste curso 2022-2023

2. Lingua materna predominante na etapa de Educación Infantil

Para coñecer a lingua materna predominante entre o alumnado, as familias do alumnado que se incorporou ao centro cumprimentaron unha enquisa para determinar a lingua materna dos seus fillos. Para os outros dous niveis de infantil tívose en conta a enquisa que cumprimentaron cando se incorporaron ao centro.

O resultado das enquisas determina 6 alumn@s matriculados en 4º de educación infantil teñen como lingua materna o galego e 1 deles castelán e inglés.

A lingua materna nos restantes niveis é tamén o galego; en 5º de infantil os 3 alumn@s teñen o galego como lingua materna e en 6º de educación infantil 7 alumn@s teñen o galego como lingua materna.



Ante

estes resultados, e considerando que o galego é a lingua vehicular da contorna, establécese o galego como lingua tamén vehicular nas aulas de educación infantil, sen prexuízo do establecido no Proxecto Lingüístico, Proxecto Educativo, na presente Programación Xeral Anual e nas Programación Didácticas, para a adquisición das dúas linguas cooficiais e a implantación dunha lingua estranxeira

CPI PONTE CARREIRA

En canto á aproximación á lectoescritura tense en conta a lingua materna de cada alumno, agás nos casos en que se trate de actividades ou traballos de carácter grupal nas que primará a lingua vehicular indicada anteriormente, é dicir o galego. As actividades para a adquisición da outra lingua cooficial e da lingua estranxeira quedan establecidas nas programacións de aula.

3. Linguas de impartición das distintas materias para o presente curso en Ed. Primaria e ESO.

Na **Educación Primaria** é xeralizado o uso do galego. As materias de lingua impártense nas respectivas linguas; na lingua estranxeira emprégase o galego para explicacións punturais. O resto das materias repártense do seguinte xeito:

EN GALEGO	EN CASTELÁN
Lingua galega e literatura	Lingua castelá e literatura
Ciencias da natureza	Matemáticas
Ciencias sociais	Relixión / Proxecto competencial
Música e danza	Educación plástica e visual
Educación física	Educación en valores cívicos e éticos (6º)

Na **Educación Secundaria Obligatoria** tamén é xeralizado o uso do galego. As materias das lingua impártense nas respectivas linguas; nas linguas estranxeiras para guiar determinadas explicacións a lingua empregada é o galego en inglés e o castelán en francés. O resto das materias repártense do seguinte xeito:

EN GALEGO	EN CASTELÁN
Bioloxía e xeoloxía	Educación física (3º e 4º)
Xeografía e historia	Matemáticas
Relixión católica	Educación plástica, visual e audiovisual
Valores éticos	Física e química
Música	Tecnoloxía (2º)
Promoción de estilos de vida saudables	Educación dixital
Proxecto competencial (1º e 3º)	Tecnoloxía-dixitalización (1º)
Educación en valores cívicos e éticos (2º e 4º)	
Educación física (1º e 2º)	

CPI PONTE CARREIRA

4. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega do curso anterior e información do que se vai desenvolver no presente curso

Ao longo do **curso 2022-2023** cumpríronse os obxectivos propostos no Proxecto inicial, se temos en conta que se realizaron todas as actividades programadas e engadíronse moitas outras que foron xurdindo ao longo do curso por parte, non só do EDLG, senón tamén dos diferentes departamentos e outras entidades

A situación sociolingüística da nosa Comunidade fai que a lingua vehicular sexa de seu o galego; este equipo estivo atento ao fomento e colaboración para o correcto uso do galego naquelas situacións non directamente dependentes do mesmo.

O fomento da lectura, e da lectura en lingua galega especificamente, foi unha das tarefas na que este Equipo e, en xeral, o centro puxo maior empeño e dedicou varios recursos; colaboramos co Equipo de Biblioteca en programas de fomento da lectura a través de exposición de libros e organización de varios obradoiros de lectura e recitais ao longo do curso, na adquisición de libros de lectura e na organización de sesións se animación á lectura.

Agora ben, as actividades creativas, tanto a nivel oral coma escrito, tiveron un alto grado de participación por parte do alumnado de primaria e non tanto se falamos do alumnado de ESO. Aspecto que teremos en conta no presente curso como un obxectivo a mellorar.

A participación do alumnado e profesorado naquelas actividades organizadas para todo o alumnado foi total: festival de Nadal, Entroido, XIV Romaría das Letras Galegas,...

Tamén estamos moi satisfeitos coa colaboración das familias e do concello de Frades, entidades locais e outras institucións.

Valoramos positivamente o esforzo, tanto de alumnado coma de profesorado, para levar a cabo as actividades propostas inicialmente e outras que se foron engadindo; pois somos un C.P.I. ubicado en dous edificios separados fisicamente e con horarios diferentes nos tramos educativos o grado de satisfacción é aínda maior pois realizamos o noso traballo co convencemento de que non se vexa minguada a súa efectividade e organizámonos para levar a cabo todas aquelas actividades conxuntas programadas no proxecto.

CPI PONTE CARREIRA

As liñas de traballo para o presente curso 2023-2024

teñen en conta o feito de que o alumnado emprega como lingua base a lingua galega e será esta a lingua de comunicación empregada nas diferentes etapas educativas, permitindo a superación da infravaloración que poida existir na comunidade educativa no seu conxunto, contribuíndo así á súa dignificación, para o que se fai necesario potenciar a presenza da realidade galega no ensino (cultura, historia, xeografía, etnografía, literatura, arte, folk,...).

Algunhas das actuacións teñen **continuidade de ano en ano** (publicacións, concurso da tarxeta de Nadal, concurso do cartel das Letras Galegas), outras **abranguen todo un curso académico** (representacións, dramatizacións,... campañas de sensibilización en prol do uso do galego,...) e outras teñen un **carácter máis puntual** (o magosto, obradoiro de caretas, Letras Galegas...). Destacamos a elaboración da nosa revista escolar “**Retallos do Ponte**” en versión impresa. E é tamén interesante a inclusión de actividades que xurdan ao longo do curso como resposta a necesidades ou intereses dalgún individuo concreto ou grupo.

Nas actividades previstas téntase, na medida do posible, o reparto de responsabilidades entre os membros da comunidade educativa. Ao mesmo tempo, fomentárase a comunicación e cooperación entre o centro e as familias e outras institucións internas e alleas ao centro. Tamén se levarán a cabo actividades de colaboración con outros centros educativos. Poténcianse actividades que implican a participación conxunta e global de toda a comunidade educativa e favorecen a participación activa do profesorado, alumnado, pais e persoal non docente no funcionamento e organización das mesmas. De igual forma, fomentárase a realización de traballos de investigación, saídas e visitas culturais participación en concursos, fomento da reflexión tanto a nivel grupal como individual, busca, selección e tratamento da información, colaboración e coordinación entre o profesorado, aproveitamento de todos os recursos tanto humanos como materiais, con especial fincapé no emprego das novas tecnoloxías.

As actividades previstas para o presente curso escolar quedan recollidas e detalladas no Proxecto de fomento do uso do galego incluído na Programación Xeral Anual.

CPI PONTE CARREIRA

Ponte Carreira, 13 de outubro de 2023